



Concello de Cangas

Bases reguladoras para a concesión de axudas de comedor para alumnos/as de Educación Infantil (segunda etapa) e educación primaria do CEIP CANGAS, CEIP HIO, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa do Concello de Cangas, Curso 2024/2025.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria regular o sistema de concesión de becas de comedor, nos centros escolares que dispoñan deste servizo de catering para o curso 2024 – 2025, dirixidas a menores escolarizados na segunda etapa de educación infantil e educación primaria, nos CEIP de Espiñeira, o Hio, Nazaret e a Rúa .

As axudas de comedor van dirixidas a familias con dificultades socioeconómicas.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

SEGUNDA.- FINALIDADE

O fin último destas subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores dos menores, apoiando as unidades familiares que por escaseza de recursos económicos non poden afrontar o custo do comedor escolar dos menores.

TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas municipais de comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicalo e reintegralo ao Concello no caso de ter percibida outra axuda.

CUARTA.- SOLICITANTES / BENEFICIARIOS

A presente convocatoria establece como solicitante aos/ás pais/nais ou titor/a legal dos alumnos/as matriculados para o curso 2024/2025 nos CEIP de O Hio, A Espiñeira, Nazaret e A Rúa nos niveis de:

- ◆ Educación Infantil (2ª etapa): de 3 a 5 anos.
- ◆ Educación Primaria: de 6 a 12 anos

As subvencións que se outorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concorrència competitiva.

QUINTA.- REQUISITOS

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas os seguintes:

- ◆ A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no concello de Cangas.
- ◆ Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- ◆ Estar matriculado para, a segunda etapa de educación infantil ou educación primaria, no curso escolar de 2024/2025, no CEIP de O Hio, A Espiñeira, Nazaret, ou A Rúa, radicados no termo municipal de Cangas.
- ◆ Debese contar con praza no comedor, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.
- ◆ Que os ingresos económicos da unidade familiar (ingresos brutos – aportación a seguridade social) non supere os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano 2023: [límites establecidos en función do IPREM Anual – 14 pagas (Indicador público de Renda de Efectos Múltiples)]

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS
Familia de 2 membros	2 veces o IPREM
Familia de 3 membros	2,5 veces o IPREM
Familia de 4 membros	3 veces o IPREM
Familia de 5 membros ou mais membros	3,5 veces o IPREM

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor así como os seus fillos solteiros menores de vinte seis anos que convivisen no domicilio familiar ata a data da publicación da presente convocatoria. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia para estes efectos.

Nos casos de garda e custodia compartida dos menores para os que se solicita beca, contabilizaranse os ingresos de ambos proxenitores.

Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

Tendo en conta que as axudas están destinadas a familias con dificultades socioeconómica, as solicitudes que cumpran os requisitos, se valorarán segundo os seguintes criterios: ingresos da unidade familiar, nº de fillos en idade escolar e problemática social. A puntuación individual acadada de cada unha das solicitudes priorizará a orde de concesión, dentro da capacidade orzamentaria consignada para tal concepto.

Poderá valorarse a situación económica do ano 2024 da unidade familiar, sempre que se demostre que o nivel de renda da economía doméstica sufriu un forte decaemento e que neste intre se cumpren os requisitos establecidos, debendo acreditar as circunstancias económicas e laborais da unidade familiar nos sete primeiros meses do ano 2024.

SEXTA.- CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas a conceder mediante a presente convocatoria será de:

- ◆ Bonificación do 100 % do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares perceptoras da RISGA ou cunha renda igual ou inferior a contía desta prestación [Ingreso mínimo: 78,20 % do IPREM + Complemento familiar: 14,60 % do IPREM mensual adicional polo 2º membro; 12,50 % adicional polo 3º; 10,40 % adicional polo 4º e sucesivos + 10,40% adicional como Complemento de alugamento, sempre que se xustifiquen gastos por dito concepto]
- ◆ Bonificación do 85 % do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % da contía da RISGA (Ingreso mínimo + Complemento familiar + Complemento de alugamento).
- ◆ Bonificación do 60% do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar + 10% adicional de complemento de aluguer.
- ◆ Bonificación do 50% do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior a
- ◆



Concello de Cangas

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS
Familia de 2 membros	2 veces o IPREM
Familia de 3 membros	2,5 veces o IPREM
Familia de 4 membros	3 veces o IPREM
Familia de 5 ou mais membros	3,5 veces o IPREM

SÉTIMA.- FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As/os solicitantes presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal do Concello de Cangas, segundo o modelo que figura como Anexo I, acompañadas da documentación acreditativa do cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan avaliar as situacións sociofamiliares.

A documentación que deberá acompañar as solicitudes será a seguinte:

1. Fotocopia do DNI, NIE do/a solicitante en vigor
2. Fotocopia do Libro de Familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas data de nacemento.
3. Volante de empadramento acreditativo da convivencia familiar, expedido polo Concello.
4. Xustificación da situación económica e laboral do ano 2023, de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, mediante fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2023, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou certificado negativo, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda, acompañada de (se é o caso):
 - a) Certificacións do INEM sobre prestacións e subsidios de desemprego.
 - b) Certificacións do INSS / ISM sobre pensións e prestacións percibidas.
 - c) Calquera outro documento xustificativo de ingresos (pensións de alimentos dos menores, rendas dos alugamentos ...)
5. Copia do imposto de actividade económicas (Autónomos)
6. No caso de non poder acreditar a situación económica cos documentos anteriores, ou cando da situación declarada se desprenda unha falta de medios económicos para subsistir, terán que facer unha declaración responsable dos medios de vida (informe de signos externos).
7. No caso de separación ou divorcio, deberase aportar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.
8. Xustificante do gasto de alugamento da vivenda.
9. Calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento de resolución.

No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración xurada de compromiso. Dita documentación presentarse antes da proposta de resolución, nun prazo máximo de 10 días.

A matrícula do colexio, para curso 2024/2025, será comprobada en coordinación coa dirección dos centros educativos.

OITAVA.- TRAMITACIÓN E SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Servizos Sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artigo 28 da Lei de 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informándose de que, de non o facer, teráse por desistido da súa petición.

As Traballadoras Sociais de Atención Primaria do Centro Municipal de Benestar Social serán as encargadas de realizar o estudo, avaliación e baremo de cada unha das solicitudes, quedando reflectido nun Informe de valoración Individualizado.

Una vez feita a valoración de todas as solicitudes, emitirase un informe global comprensivo de tódalas solicitudes candidatas ás axudas, que recolla as incidencias avaliadas segundo os seguintes datos:

1. N° de rexistro.
2. Nome e apelidos da persoa solicitante de axuda.
3. DNI ou NIE
4. Nome, apelidos e data de nacemento da persoa menor para o que se solicita a axuda.
5. Centro docente no que se atopa escolarizado.
6. Situación económica familiar.
7. Gastos fixos polo aluguer/amortización a vivenda.
8. Renda familiar tida en conta na valoración.
9. Bonificación.
10. Resolución de concesión ou denegación.
11. Motivo da denegación.

NOVENA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación viran dados polos ingresos da unidade familiar e pola dificultade de acceso dos menores ao servizo de comedor sen a bonificación solicitada.

DECIMA.- PUBLICIDADE E PRAZO DE SOLICITUDE

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, do Centro Municipal de Benestar Social, na paxina web do Concello de Cangas e dándolle difusión aos CEIP de Espiñeira, o Hio, Nazaret e a Rúa.

O prazo de presentación de solicitudes para o curso 2024/2025 será do 2 de xullo ao 2 de agosto de 2024 (ámbolos dous incluídos).

DECIMO PRIMEIRA: COMISIÓN CUALIFICADORA

A Comisión cualificadora será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación do conxunto das solicitudes presentadas, e propondrá a concesión ou denegación das axudas económicas.

A comisión cualificadora estará presidida pola/polo Concelleira/o delegada/o de Ensino e composta, ademais, polos seguintes membros:

- ◆ Concelleira/o delegada/o de Benestar Social.
- ◆ Director do Centro Municipal de Benestar Social
- Unha Traballadora Social de Atención Primaria do CMBS, actuando de secretaria.
- A Educadora Familiar do concello.

DECIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN

A Comisión Cualificadora elaborará unha proposta definitiva de resolución, que conterá a relación de todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, puntuación, expediente, colexio, curso, resolución das axudas, co estado de concedido, denegado ou lista de espera.

- Concedidas.- Farase constar a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.
- Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos:

Concello de Cangas



Concello de Cangas

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non aportan a documentación requirida.
 - Non están empadroados.
 - Supera ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/A alumno/a non está matriculado/a.
- Lista de espera: coa súa correspondente puntuación. será comunicada aos interesados.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da Comisión de Cualificación, acordará a aprobación definitiva das axudas, que será comunicada aos interesados polo Centro Municipal de Benestar Social.

DECIMO TERCEIRA.- PAGAMENTO DAS AXUDAS E XUSTIFICACIÓN

A contía da axuda concedida aboarase a empresa prestadora do servizo, a mes vencido e previa comprobación polo centro municipal de benestar social da relación de menores con beca e dos días de comedor escolar utilizados.

O Concello de Cangas asumirá o pago das cotas de comedor dos menores con bonificación das axudas dende a data da resolución definitiva do expediente.

DECIMO CUARTA.- FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

O Concello de Cangas financiará estas axudas con cargo a aplicación orzamentaria do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario de Cangas

DECIMO QUINTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios das axudas deberán asumir as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor de xeito regular e conforme aos días solicitados, agás causas xustificadas.
- Comunicarlle ó Departamento de Servizos Sociais do Concello as baixas.
- Cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dura.